

3. A voz

Para comezar

- Sabes o que é un do de peito?
- Teste fixado no que acontece coa nosa gorxa cando berramos?
- Coñeces algún cantante que teña voz nasal? Gústache?
- Que sabes dos cantantes de ópera?
- Escoitaches algunha vez *Turandot* ou algunha outra ópera?

A voz

Xa na prehistoria o ser humano empregaba a súa propia voz en cantos para invocar ás forzas da natureza, pedindo que a caza lles fose favorable. Danzaban ao redor do lume producindo música percutida con ósos, troncos e cunchas e acompañándose de cantos.

A voz sempre foi unha das nosas ferramentas máis proveitosas, non só para comunicarnos, senón tamén para facer música.

E é que o ser humano sentiu unha profunda admiración por aquelas persoas que souberon dominala á perfección. Non é para menos: non hai dúas voces iguais.

p. O noso proxecto


O noso proxecto



Continuamos co proxecto interdisciplinar «Avanzamos. Como pasan os anos!».

Nesta unidade terás que contestar a unhas preguntas sobre o mércores, día dedicado ao deus romano do mercado e dos ladróns, Mercurio. Imos aló!

Aquí facilítase un documento para que autoavalíes o teu traballo e o do teu grupo.



Actividades



1. Explica o significado destes tres refráns relacionados co *mércores*. Escribe unha frase de exemplo con cada un deles.

- «O mércores é o día da xiba: os días de antes vas de subida e os días de despois vas de baixada».
- «Mércores de cinza: comeza a penitencia e remata a risa».
- «Nin mércores sen sol, nin viúva sen dor, nin rapaza sen amor».

Despois, busca na Internet e explica por que cres que o creador da *familia Addams* puxo de nome Mércores á pequena desta familia.

2. Busca como se di *mércores* en inglés, francés, alemán, portugués, italiano e español. Ademais de referirse ao deus Mercurio, a que se refiren algunhas das súas denominacións?

3. Mercurio é o planeta máis achegado ao Sol. É maior ou menor que a Terra? Cantos días terrestres tarda en dar unha volta completa arredor do Sol? Tendo ese dato en conta, cantos anos terías? Se estiveras en Mercurio, como se vería o Sol desde a súa superficie: máis grande ou máis pequeno que desde a Terra?

4. Mercurio é un dos deuses romanos máis coñecidos. De que palabra latina procede o seu nome? Quen eran os seus pais? De que era deus? Como se lle adoitaba representar? Que significa a palabra *mercurial* e que relación garda con Mercurio?

5. Como se chamaba ao deus grego equivalente ao Mercurio latino? Que outras cousas se lle atribuían ademais das que se lle atribuían a Mercurio? Que significan as palabras *hermético* e *hermenéutica*?



6. Lembras a Holst e a súa suite orquestral *Los planetas*? Se xa vimos anteriormente que «Marte, o portador da guerra» é o seu primeiro movemento, veremos agora que «Mercurio, o mensaxeiro alado» é o terceiro. Escóita un minuto de cada audición e compáraas, escollendo de entre os seguintes adxectivos os que creas que van con cada unha delas.

agresiva • rítmica • melódica • lixeira • áxil • pesada • forte • delicada

«Marte, o portador da guerra»



«Mercurio, o mensaxeiro alado»



1. A nosa voz

Primeiros pasos

Se a voz é un instrumento musical especialmente sensible, que atencións e coidados cres que deberíamos ter con ela?

- Que hábitos poden ser prexudiciais?
- Sabes que é a muda da voz?
- Que tipo de precaucións cres que debería tomar un cantante o día antes dun concerto?

Daremos solución a estas respostas a medida que avancemos na unidade.



O ser humano canta desde que ten voz. Xa desde tempos inmemoriais, despois de recorrer á percusión corporal e á pequena percusión con ósos, paus ou pedras, descubriu que o son que procedía da súa gorxa servía para moito máis que para comunicarse. A música non aparece como un mero entretemento, senón que adquire un papel moi destacado na vida da tribo.

Servía para animar aos guerreiros antes da batalla, para acougar os ánimos tras ter resolto algún conflito, para acompañar rituais nos momentos máis importantes da vida ou para venerar aos deuses.

5 —



Varias mulleres danzan arredor dun home. *Danza de Cogul*. Pintura da Cova dos Moros (Lérida).

Sabías que...?

O xeito no que os seres humanos empregamos a nosa voz non cambiou desde a Prehistoria. Hoxe en día tamén existen tribos que usan o canto para, por exemplo, agradecer aos seus deuses unha boa xornada de caza.

A comunidade de Camerún de pigmeos **Baka** é unha delas. Empregan o canto nas súas tarefas diarias e honran a Eyengui, espírito do bosque. Os seus cantos son polifónicos e lembran ao son das aves. Mira o seguinte vídeo (<http://safeshare.tv/v/PX8YPAXebyc>) para escoitalos cantar.

Ademais, non fai falla ir tan lonxe. Que fas ti, por exemplo, baixo a auga da ducha? Ou cando limpas o teu cuarto?

Todos usamos a nosa voz para evadarnos, entreternos ou practicar tradicións que pasan de xeración en xeración.

A relación do ser humano coa música e o canto ten sido estudada desde hai moitos anos. Na antiga Grecia xurdiron as primeiros análises e teorías para explicar esta relación. Os filósofos Platón e Aristóteles deran as súas opinións sobre o poder que tiñan estas artes e o peculiar xeito no que modificaba o estado de ánimo, atendendo ao culto aos deuses.

Para os gregos, Orfeo representaba a máxima perfección á hora de tocar a lira. Como este instrumento formaba parte do culto ao deus Apolo, deus da perfección, o equilibrio, a sobriedade, o racional e as artes, a música adquiría uns matices moi positivos á hora de formar persoas equilibradas, sensatas e racionais. Este deus aparece en numerosas ocasións acompañado das súas nove musas:

- **Calíope:** musa da elocuencia, a beleza e a poesía épica.
- **Clío:** musa da historia.
- **Erato:** musa da poesía amorosa.
- **Euterpe:** musa da música (especialmente da frauta).
- **Melpómene:** musa da traxedia.
- **Polimnia:** musa dos cantos sagrados.
- **Talía:** musa da comedia e da poesía bucólica.
- **Terpsícore:** musa da danza e a poesía coral.
- **Urania:** musa da poesía didáctica, das ciencias exactas e da astronomía.



Ademais de asociar a música ao racional e equilibrado (no culto a Apolo, como se explicaba no anterior parágrafo), tamén se asociaban os instrumentos de vento ao culto a Dioniso (o deus grego da fertilidade, do viño e dos praceres carnis). Dito culto representaba o oposto ao anterior (o caos, as emocións, os excesos, a loucura, a desorde...) e asociábase a instrumentos como o óboe.

Era así como estes filósofos explicaban a dualidade nas persoas, pensando que os músicos podían chegar a ser persoas perigosas, porque moldeaban o carácter dos demais segundo interpretaran música *apolínea* ou *dionisíaca*. A música estaba moi presente nas súas celebracións e cultura.

O mito de Orfeo e Eurídice

Orfeo era un músico con moito talento, capaz de conmover ao son da súa lira e ao seu canto a persoas, animais, pedras e árbores. Casou con Eurídice, unha fermosa ninfa, pero esta morreu a consecuencia dunha mordedura de serpe.

Orfeo vagou por terras e bosques lamentándose do seu falecemento ata que decidiu descender ao inframundo coa intención de convencer a Hades, deus do Inferno e esposo de Perséfone, de que lle devolverse a súa amada. Estes, conmovidos, permitíronlle rescatar a Eurídice cunha condición: Orfeo non podería mirar cara a atrás ata que ambos os dous chegaran ao mundo dos vivos.

Cando estaban a punto, non puido aguantar a tensión de ver se Eurídice estaba ben e mirouna. Incumprindo a condición, ela caeu de novo ao inframundo, afastándose para sempre.

7 —

Parece case imposible pensar que a música nos moldee tan facilmente. Cres, de verdade, que a música ten o poder de facernos sentir tristes ou alegres? Paréceche que unha canción pode influír tanto no noso estado de ánimo? Imos comprobalo.

Actividades

1. Escoitade as dúas cancións e, entre todos, escollede cinco adxectivos que definan as súas melodías e as súas voces.

- **Delafé y las flores azules** (https://es.wikipedia.org/wiki/Facto_Delaf%C3%A9_y_las_Flores_Azules): *Río por no llorar* (<https://safeshare.tv/x/chUOrUORNAg>)
- **Camila Moreno**: (https://es.wikipedia.org/wiki/Camila_Moreno) *Te quise* (<http://safeshare.tv/v/VjhNPbyefaQ>)

2. Investiga. Procura na Internet catro óperas cun argumento que sexa a historia de amor entre Orfeo e Eurídice.

3. Mira as imaxes dos dous cadros. Descríbeos. Fíxate na iluminación, os personaxes, a paisaxe, as cores... Que dous momentos do mito de Orfeo e Eurídice se reflicten neles?



2. O coidado da voz

Na primeira unidade vimos como funcionaba o aparato auditivo. Agora intentaremos determinar os órganos que interveñen no aparato fonador: como producimos o son, que problemas poden aparecer e que medidas podemos adoptar para mellorar a nosa saúde vocal.


Primeiros pasos

- Se o otorrinolaringólogo é o especialista que se ocupa do teu aparato auditivo e de boa parte do teu aparato respiratorio, sabes a que se dedica un logopedista?
- E un fonólogo?
- Ocorrésече algunha das dificultades relacionadas coa fonación?

O aparato fonador

Imos ver, en primeiro lugar, que partes ten o aparato fonador e como se produce o son da nosa voz:

Tracto vocal (sección saxital)



Na imaxe apréciense, en primeiro lugar, a boca, o nariz e a cavidade bucal; en segundo lugar, as cordas vocais e o tracto vocal; e en terceiro lugar, a farinxe e a larinxe.


9

Son tres os aparatos que interveñen na formación da voz: o respiratorio, o fonador e o resoador.


A primeira fase prodúcese grazas aos órganos do **aparato respiratorio**. Ao inspirar, enchemos de aire os pulmóns e despois expulsámolo, durante a expiración. Ao expirar, o aire sobe pola traquea e larinxe, onde están as cordas vocais.

É aí onde pasamos ao **aparato fonador**. As cordas, uns músculos, fan que o aire pase facendo un son concreto dependendo da tensión que teñan. Mira no seguinte vídeo (<http://safeshare.tv/v/l7Fbjuwzvhk>) como funcionan. Ese son transfórmase grazas aos dentes, a lingua, o padal e os beizos.

Por último, débese producir unha amplificación do son, grazas ao **aparato resoador**. Dependendo das cavidades da cabeza e peito que nos constitúan teremos un timbre ou outro de voz.



Inspiración



Fonación

As dificultades relacionadas co aparato fonador

Nas unidades anteriores vimos algunhas das dificultades relacionadas co aparato auditivo. Nesta veremos algunhas das dificultades relacionadas coa fonación.

Dificultades da voz

Cando unha persoa canta demasiado sen tomar as precaucións necesarias ou forza a voz, pode sufrir unha **disfonía funcional**. Cando ten algún tipo de lesión anatómica, padece unha **disfonía orgánica**. Cando se queda sen voz, sofre **afonía**.

Dificultades da articulación

Cando unha persoa ten dificultades para pronunciar sons debido a algunha anomalía no sistema nervioso, ten **dislalia**. De producirse por algunha malformación no padal ou nalgún outro órgano, ten **diglosia**.

Dificultades de fluidez

Se unha persoa non é capaz de falar fluidamente, pode ter **disfemia** de diferentes niveis.

En todos os casos, existen tratamentos, exercicios e especialistas que axudan a mellorar estas dificultades e incluso, as eliminan. Se queremos mellorar a pronuncia dos fonemas, acudiremos a un **logopedista** e se precisamos mellorar ou aprender como funciona a articulación dos diferentes sons, acudiremos a un **fonólogo**.

10 —

Actividades

1. Explica coas túas propias palabras como se produce a voz.
2. Tendo en conta todo o que dixemos neste apartado, explica por que os seguintes hábitos son pouco saudables para a nosa voz e cales son sans.
 - a. Falar forzando a voz, a moito volume, durante moito tempo.
 - b. Tomar bebidas temperadas.
 - c. Fumar ou beber bebidas moi quentes.
 - d. Tomar refrescos moi fríos.
 - e. Protexer a gorxa cunha bufanda ou fular.



3. A película *O discurso do rei*, estreada no 2010, visibilizou unha realidade que afecta a máis de setenta millóns de persoas no mundo. Baseada en feitos reais, nela cóntase parte da vida do rei inglés Xurxo VI, quen tiña disfemia. Ao mesmo tempo que ten que facer fronte ao seu reinado, nun contexto histórico moi complicado, pouco a pouco vencerá a súa tartamudez. Olla o tráiler da película aquí (<http://safeshare.tv/v/KpssjoKZK1w>). Busca información sobre as técnicas que practican co rei para axudarlle.



3. Tipos vocais e agrupacións

Se pensamos no xeito no que a voz sae do noso corpo, clasificaríamos este «instrumento» como de vento. Hai voces de todo tipo, dependendo da nosa constitución, sexo, idade...


Por exemplo, dependendo onde se faga a resonancia durante o proceso de produción de voz, existen voces de peito (a resonancia está no peito), de nariz (no nariz) e de cabeza (detrás do nariz). Estas pódense favorecer, segundo nos interese, con diferentes técnicas: Clases de canto. Voz de peito, de cabeza e mixta. (<http://safeshare.tv/v/6LLIWNjXHOg>)

Neste apartado centrarémonos nos diferentes tipos de voz atendendo ao rexistro ou tesitura, ou sexa, á capacidade das nosas cordas vocais para estirarse: ata que son grave ou agudo chega a nosa voz.

Os tipos vocais

Os tipos vocais son as etiquetas que se empregan para clasificar cada voz tendo en conta o sexo do cantante e a altura na que canta mellor. Marca a tesitura do cantante. Comezaremos de agudo a grave. Estes son:

agudo	Voces femininas / voces brancas	Soprano
		Mezzosoprano

 grave	Voces masculinas	Contralto
		Contratenor
		Tenor
		Barítono
		Baixo

Voces brancas

Comezamos polas voces brancas, é dicir, os coros de nenos. Denomínanse así porque nos referimos á pureza do seu timbre e son facilmente identificables.



Voces femininas

As voces máis agudas, despois das dos nenos, son as das mulleres, pero non todas son igual de agudas. Podemos distinguir, de agudo a grave, tres grandes tipos vocais femininos: soprano, *mezzosoprano* e contralto.

A soprano é a voz feminina máis frecuente e hai moitos tipos diferentes de soprano. Se a voz é potente nos graves, denomínase soprano dramática; se é unha voz con gran amplitude de rexistro, moi potente en graves e agudos, chámase soprano lírica; se ten moito brillo nos agudos pero pouca potencia nos graves, é soprano lixeira; se é quen de realizar melodías complicadas cantando notas moi agudas con moita precisión, é unha soprano de coloratura. Podes ver todos os tipos de soprano na seguinte ligazón

(<https://es.wikipedia.org/wiki/Soprano#Clasificaciones>).



1. A soprano grega María Callas; 2. A soprano italiana Mirella Freni; 3. A soprano de coloratura alemá Diana Damrau; 4. A soprano española Montserrat Caballé.

As *mezzosoprano* e as *contralto* son moito menos frecuentes. A *mezzosoprano* ten unha voz centrada, capaz de cantar notas graves e algunhas das agudas.



1. A mezzosoprano italiana Cecilia Bartoli; 2. A contralto polaca Ewa Podles, 3. A contralto estadounidense Marian Anderson.

Aquí podes escoitar varios exemplos de voces femininas:



Soprano. Frances Alda, interpretando a aria «O mio babbino caro», da ópera *Gianni Schicchi*, de Giacomo Puccini^[1] (1919).



Soprano de coloratura. A soprano Sandra Partridge interpretando á Raíña da Noite na *fruta máxica*, de Mozart^[2]. Segunda aria (2006).

(Autoría: Trisdee na Patalung (https://es.wikipedia.org/wiki/Archivo:Der_Hoelle_Rache.ogg))



Mezzosoprano. Raymonde Visconti (voz feminina) interpreta a Carmen, na ópera *Carmen* de Georges Bizet (1928).



Contralto. A estadounidense Marian Anderson interpretando o *Te deum* de Händel (1936).



Contralto. Ernestine Schumann-Heink interpretando «Che faro senza Euridice» de *Orfeo e Euridice*, do compositor Christoph Willibald von Gluck.


Voces masculinas

De agudo a grave podemos distinguir catro tipos vocais: contratenor, tenor, barítono e baixo.

Os contratenores tiveron unha gran notoriedade desde comezos do século XVII, co desenvolvemento da música barroca. Xurdiron cando se prohibiu a práctica da castración para formar os cantantes coñecidos como castrato: nenos, normalmente provenientes de familias con poucos recursos, aos que se facía esta operación para que conservaran o timbre dun neno pero a forza dos adultos. Entre estes destácase a Farinelli^[3].

Algúns contratenores famosos son Michael Chance, René Jacobs ou Alfred Deller. O tenor é o tipo vocal masculino máis popular, non só porque hai moitos, senón sobre todo porque houbo tres grandísimos tenores que deron a coñecer o seu repertorio operístico. Falamos, por suposto, de Luciano Pavarotti, Plácido Domingo e José Carreras.

Outros son Andrea Bocelli, Alfredo Kraus, Marcelo Álvarez, Enrico Caruso ou Franco Corelli.



Los tres tenores: 1. Luciano Pavarotti; 2. Plácido Domingo; 3. José Carreras.

O barítono é unha voz menos coñecida. Está a medio camiño entre o brillo do tenor e a escuridade do baixo. Cunha sonoridade potente e con forza nos graves, o barítono foi un dos tipos vocais para o que mellores papeis se teñen escrito na historia da ópera.

Por último, o baixo é un tipo vocal moi profundo, escuro, cunhas melodías moi marcadas e cuns papeis normalmente asociados ao poder ou a personaxes maiores. En ocasións tamén desempeña papeis cómicos ou grotescos.

A continuación mostrámosche exemplos deste tipo de voces.



Tenor. Francesco Merli interpretando a aria «Nessun dorma» de *Turandot*^[4], de Puccini (1938).



Tenor. Enrico Caruso interpretando a aria «La donna è mobile» de *Rigoletto*, de Verdi^[5] (1908).



Baixo. O ruso Feodor Chaliapin interpreta a aria «Vecchia zimarra» da ópera *La bohème* de Giacomo Puccini.

A ópera

Aínda que na unidade 6 verás máis detidamente que é a ópera, aquí móstranse algúns conceptos fundamentais:

A ópera aparece no século XVII (durante o Barroco) como un intento de recuperar o ideal trágico grecolatino do teatro cantado.

Na ópera barroca había partes narrativas nas que a acción avanzaba (recitativos) e partes líricas nas que a acción se freaba para expresar opinións e sentimentos dos personaxes (arias).

Xa no século XVIII, aparece a ópera cómica como unha alternativa á ópera anterior, que pasou a chamarse ópera seria. A ópera cómica (tamén chamada ópera bufa) estaba protagonizada por personaxes de clase social baixa, con argumentos máis próximos ao público.

As agrupacións vocais

As agrupacións vocais clasifícanse tendo en conta o número de compoñentes e o tipo de voces.

- Dependendo do número de intérpretes, as agrupacións vocais máis comúns son as seguintes: dúo ou dueto, trío ou terceto, cuarteto, coro (de 10 a 25 voces), coral (de 30 a 60) e orfeón (80).
- Dependendo do tipo de voces que teñan, as agrupacións vocais máis comúns son: coro de voces brancas (tamén chamadas escolanías), coro de voces graves, coro de voces femininas e coro de voces mixtas.

Sabías que...?

Fusión de estilos

A música é unha das disciplinas máis versátiles que existe. Os límites entre os xéneros musicais están moitas veces diluídos. Algúns estilos beben doutros e evolucionánanos, de forma máis ou menos axeitada.

Fíxate, por exemplo nesta audición (<http://safeshare.tv/v/ss5728c94038d03>). É o «Agnus dei» (unha das partes da misa) do *Adagio para cordas* de Samuel Barber cantada por un coro.

Serviu como banda sonora da película bélica *Platoon*.

Mais os límites, ás veces, son increíbles. Como ves nesta ligazón (<http://safeshare.tv/v/8tlgN7eICn4>), esta obra tamén entrou nas discotecas de hai uns anos, na súa versión electrónica.

Hai outros moitos artistas electrónicos que empregan pezas clásicas nas súas composicións.

Por exemplo, o *disc jockey* Jeff Mills, referente da música *techno*, fixo colaboracións coa Orquestra Filharmónica de Montpellier. Mira o resultado neste vídeo (<http://safeshare.tv/v/3wPbNf1jhzM>).

Tamén a banda sonora da estadounidense Wendy Carlos (https://es.wikipedia.org/wiki/Wendy_Carlos) da película *A laranxa mecánica* empregaba fragmentos de obras de Beethoven ou Henry Purcell.

Como vedes, toda peza está viva e no momento de ser publicada está en continuo cambio.

Actividades

1. Esta audición titúlase «Caresse sur l’ocean» (<http://safeshare.tv/v/6VvllmF99IQ>) e pertence á banda sonora da película *Os rapaces do coro*. Sabes de que trata esta película? Investiga na Internet para sabelo. Que tipo de voces se perciben? Que agrupación vocal é?
2. Que che parece estoutra canción «Vois sur ton chemin» (<http://safeshare.tv/v/ghm-7zuEvmM>)? Que tipo de voz percibes? Que tipo de agrupación vocal? Escóitaa e escolle cal che gusta máis, explicando por que.



3. Esta audición (<http://safeshare.tv/v/KU1S32AQ3Uo>) de Johann Sebastian Bach^[6] mestura tres coros: un masculino, un feminino e un de voces brancas.

Escóitaa e trata de sinalar en que momento entra o coro de voces brancas, tendo en conta que primeiro empeza a orquestra, logo entran os outros dous coros e finalmente entra o coro de voces brancas.

Este coro pertence á *Paixón segundo San Mateo*, unha obra monumental da música sacra europea. En música, sabes que xénero musical é unha paixón?

4. escoita un exemplo de soprano dramática. É unha aria titulada «O lamento de Dido» (<https://safeshare.tv/x/x/4FESgrLutuE>) e pertence á ópera *Dido e Eneas* composta por Henry Purcell e interpretada por Jessye Norman (https://es.wikipedia.org/wiki/Jessye_Norman). Agora responde a estas preguntas:

Sabes que é unha aria? E un recitativo? Le o argumento desta ópera e describe o que acontecerá despois desta aria.

5. escoita agora este exemplo de soprano lírica. É unha aria titulada «O mio babbino caro» (<https://safeshare.tv/x/ss5965057c27717>), de la ópera *Gianni Schicchi*, de Giacomo Puccini, interpretada por Maria Callas.

Puccini, como sabes, compuxo tamén *Turandot*, *Madama Butterfly* ou *La Bohème*. En cal destas tres óperas a protagonista é unha emperatriz xaponesa que impón tres enigmas a todos os seus pretendentes?

6. escoita esta peza de soprano lixeira. Edita Gruberová interpreta a Constanza, nunha aria chamada «Ach ich liebte, war so glücklich» (http://safeshare.tv/v/RLhxl_cOsTM) da ópera de Mozart *O rapto no serrallo*. Que carácter ten esta ópera? Cómica? Seria? Poderías organizar estouttras obras de Mozart segundo o seu carácter? *A fruta máxica*, *Don Giovanni*, *As bodas de Figaro*, *Idomeneo*, *rei de Creta*.



7. Volve escoitar a aria da *fruta máxica* de Mozart. Nela aparece Tamina, unha moza á que a súa nai (a Raíña da Noite) lle fai un cruel encargo. Que lle pide que faga? Lembras que tipo vocal interpretaba este fragmento?

8. escoita outro fragmento da *Paixón segundo San Mateo* (http://safeshare.tv/v/BBeXF_Inj_M) de Bach, pertencente a unha aria de *BWV 244*. Que tipo vocal protagoniza esta audición? Que instrumento da orquestra dialoga coa voz solista nesta versión?

9. Compara a anterior voz coa que escoitas nestoutra audición (<https://safeshare.tv/x/dHbOOe8n2gY>). Notas algunha diferenza? Trátase da mesma aria, pero interpretada por un contrateno. Lembras a que tipo vocal equivalen os contratenores?

10. escoita agora outra versión da aria «La donna è mobile» (<http://safeshare.tv/v/ss57066bb911ef8>) da ópera *Rigoletto* de Verdi. Esta vez, interpretada por Pavarotti.

Busca a letra e a súa tradución. Reflexiona sobre esa letra. Paréceche axeitada? Estás de acordo?



Ilustración do libreto de *Rigoletto*.

11. escoita a aria «Cortigiani, vil razza» (<https://safeshare.tv/x/lbJx1VH4Cbw>) da ópera *Rigoletto* de Verdi.

Conta a historia de Rigoletto, un bufón que se burla dos cortesáns que rodean ao duque, a quen serve. Cando a súa filla Gilda é secuestrada por eles, preséntase ante eles e intenta convencelos de que lla devolvan. Primeiro enfádase, despois chora e finalmente interpreta un fermoso canto, acompañado por un chelo e o óboe. Poderías identificar estes tres momentos na audición?

12. escoita esta aria da ópera *Don Giovanni* (<http://safeshare.tv/v/INF9r5jju0A>) de Mozart. Saberías dicir que tipo vocal é? Investiga o argumento da obra e deduce de que falan os personaxes. En que obra de José Zorrilla aparece este personaxe?





Acividade 13. Autoría: (1) Pirlouiiiiit Pirlouiiiiit (https://commons.wikimedia.org/wiki/File:Luciano_Pavarotti_15.06.02_cropped.jpg#/media/File:Luciano_Pavarotti_15.06.02_cropped.jpg) / (2) fstockfoto (<http://www.shutterstock.com/es/pic-32698927>) - Shutterstock / (3) World Economic Forum (https://ca.wikipedia.org/wiki/Fitxer:Jose_Carreras_-_World_Economic_Forum_Annual_Meeting_2011.jpg#/media/File:Jose_Carreras_-_World_Economic_Forum_Annual_Meeting_2011.jpg) / (4) laurentius87 (<https://www.flickr.com/photos/7778013@N03/2111306036>)

↑ [1] Giacomo Puccini

Giacomo Puccini é un compositor italiano do século XIX que fixo algunhas das óperas máis exitosas da historia: *Turandot*, *Gianni Schicchi*, *Tosca* ou *La bohème*. Renovou a linguaxe musical nas súas composicións.

↑ [2] Wolfgang Amadeus Mozart

Wolfgang Amadeus Mozart é un compositor austríaco do século XVIII que, a pesar de morrer aos 36 anos, tivo unha extensa e destacada obra. Son grandes óperas súas *Don Giovanni*, *As vodas de Fígaro*, *A frauta máxica*, *O rapto no serrallo* ou *Idomeneo, rei de Creta*.

↑ [3] Farinelli

Carlo Broschi ou Farinelli é un castrato italiano do século XVIII. Unha das súas interpretacións máis famosas é a da aria de *Rinaldo*, de Händel «Lascia ch'io pianga».

↑ [4] Turandot

A historia desenvólvese en Pekín. Turandot, a cruel filla do emperador, decide que soamente casará con aquel pretendente que resolva tres enigmas propostos por ela. Os que non o consigan morrerán.

Só un, Calaf, supéraos, mais Turandot non parece querer cumprir a súa promesa. É así como el mesmo propón un enigma á súa amada: se ela é quen de averiguar o seu nome antes do alba, poderá desfacerse del; pola contra, terán que casar.

Turandot, no seu afán de coñecer a súa identidade, tortura ao pai de Calaf, Timur, e á escrava deste. Esta, chamada Liú e namorada en secreto de Calaf, decide acabar coa súa vida antes de confesar o nome do seu amado.

Cando Turandot e Calaf se enfrontan, este decide susurrarlle o seu nome e deixar o seu destino nas mans dela. Finalmente, a princesa namora e á mañá seguinte revela ante o pobo o nome do seu prometido: «O seu nome é Amor».

↑ [5] Giuseppe Verdi

Giuseppe Verdi é un compositor italiano do século XIX que tivo unha extensa obra musical. Óperas como *Rigoletto*, *La traviata*, *Otello*, *Aida* ou *Don Carlo* resumen a súa traxectoria estelar.

↑ [6] Johann Sebastian Bach

Foi un compositor alemán do século XVIII, durante o período barroco. As súas obras máis populares son: *Concerto de Brandenburgo* ou *A Paixón segundo San Mateo*.

4. Comprensión e expresión musical

Comprensión musical: lemos



(...) en el blanco pie mordida
de la pequeña sierpe ponzoñosa,
entre la hierba y flores escondida;
descolorida estaba como rosa
que ha sido fuera de sazón cogida,
y el ánima, los ojos ya volviendo,
de su hermosa carne despidiendo.
Figurado se vía estensamente
el osado marido, que bajaba
al triste reino de la escura gente
y la mujer perdida recobraba;
y cómo, después desto, él impaciente
por mirarla de nuevo, la tornaba
a perder otra vez, y del tirano
se queja al monte solitario en vano.

Égloga III, Garcilaso de la Vega^[7]

...

Agora responde estas preguntas:


1. Cal é o tema deste texto?

2. Recitade esta poesía na aula. Poñede atención á correcta articulación dos fonemas.

3. Que é unha égloga? Le (<https://es.wikipedia.org/wiki/%C3%89gloga>) a definición na Wikipedia e resume coas túas palabras o concepto.

Expresión musical: cantamos, tocamos e bailamos

Agora traballaremos cunha partitura, para que sexa un pouco menos repetitivo. En concreto, farémolo coa da aria «Lascia ch'io pianga», da ópera *Rinaldo*, de Händel.



Observa detidamente a partitura:

Voz

Las cia chio pian ga mia cru da sor te e che so o os

Piano

6

pi ri la li i i be er ta e che sos pi i ri e che sos pi i ri la

Pno.

13

li i i be er ta Las cia chio pian ga mia cru da sor te

Pno.

2^o

e che so o os pi ri la li i i be er ta

Pno.

4. En que compás está a peza? Solfexa a melodía correspondente á voz, marcando o pulso co bolígrafo sobre a mesa.

5. Que armadura hai? Que tonalidade maior pode ser? E o seu relativo menor?

6. Despois de facer os exercicios de quecemento para cantar que o teu profesor che indicará, intenta cantaruxar a melodía principal.

7. Cántaa co texto. Se prestas atención, verás que di «Deixa que chore miña crúa sorte e que suspire a liberdade».
8. Cambia o texto desta canción, facendo coincidir o número de sílabas co das notas.
9. Transporta a melodía do piano unha segunda maior descendente, é dicir, se no orixinal hai escrito re, ti tes que escribir do. Fai a túa propia partitura transportada.
10. Toca con xilófonos ou frautas a partitura que acabas de facer.
11. Inventade unha coreografía que utilice pasos de pavana e silencios para bailala ao son desta peza.

↑ [7] Garcilaso de la Vega

Garcilaso de la Vega (1501-1536) é o poeta máis importante do Renacemento español. Na súa vida representou o ideal cortesán da época: foi soldado e tamén poeta. El mesmo expresouno nun dos seus versos:

«Tomando ora la espada, ora la pluma».

Seguindo a influencia da literatura italiana, reflicte nos seus poemas unha concepción do amor no que a amada está idealizada e o poeta sofre o seu desamor. A mitoloxía clásica aparece nas súas obras como escusa para representar a dor da perda amorosa.

5. Ao peche

Que aprendiches?

Copia e completa no teu caderno unha táboa como esta e valora o teu traballo:

Que hábitos pouco saudables para a voz coñeces?	...
Saberías citar algunha dificultade ou enfermidade relacionada co aparato fonador?	...
Cales son as partes do aparato fonador? Sabes a función de cada unha delas na xeración da voz?	...
Cales son os tipos vocais femininos? E masculinos?	...
Que agrupacións coñeces se atendemos ao tipo de voz? E ao número de integrantes?	...
Cita cinco óperas famosas, catro compositores e tres cantantes de ópera.	...

Avalíate

Amosámosche a continuación algunhas actividades para avaliarte. Dispós de tres intentos para superar cada actividade.



Actividade 9. Autoría: Joseph Sohm (<http://www.shutterstock.com/pic.mhtml?id=269107850&src=id>)

Reforza



Amplía

1. Realiza agora unha análise da axenda cultural da túa vila ou cidade. Mira a información sobre representacións musicais do último medio ano e busca algún evento que che resulte familiar. Fíxate no nome da obra, o tipo, o artista visitante ou o compositor orixinal. No caso de atopar algún, comparte os datos cos teus compañeiros. Anímate e acude ao evento!

24 —

Actividade de síntese

1. Fai un esquema no que relaciones toda a información vista nesta unidade, onde aparezan: hábitos saudables e pouco saudables relacionados coa voz, partes do aparato fonador, funcionamento do mesmo, dificultades que xorden, tipos vocais e agrupacións.

Glosario

Afonía

Imposibilidade para emitir sons.

'Agnus Dei'

Peza musical que constitúe unha das cinco partes do ordinario da misa, xunto ao *Kyrie*, *Credo*, *Gloria* e *Sanctus*. Literalmente significa 'cordeiro de Deus'.

Aria

Peza musical na que a acción dramática non avanza, na que o personaxe ou personaxes que cantan expresan as súas opinións ou sentimentos ante o que ocorre nesa obra. Equivale a un soliloquio ou monólogo teatral e adoita alternar con recitativos.

Baixo

Tipo vocal masculino máis grave.

25 —

Barítono

Tipo vocal masculino a medio camiño entre o tenor e o baixo.

Branças (voces)

Tipo vocal máis agudo, interpretado por nenos que non sufriron o proceso de muda da voz.

Cantata

Composición vocal e instrumental de gran forma na que se alternan coros, arias e recitativos, típica da música protestante.

Castrato

(En italiano *castrati*) Cantante ao que extirpaban os testículos antes da puberdade para evitar a perda dos agudos da nenez e así combinalos coa potencia pulmonar dun home adulto.

Contralto

Tipo vocal feminino máis grave.

Contratenor

Tipo vocal masculino máis agudo, cuxo repertorio era interpretado polos castrato e caracterízase por combinar a cor das voces brancas coa potencia pulmonar dun adulto.

Cordas vocais

Músculos que se atopan na farinxe e que, ao vibrar, abrirse e pecharse, producen os sons que articulamos ao falar ou ao cantar.

Disfemia

Trastorno da fala que consiste na incapacidade de falar de modo fluído. Tamén coñecida como tartamudez.

Diglosia

Trastorno da fala producido pola incapacidade de articular certos sons debido a deformacións das cavidades bucais.

Dislalia funcional

Trastorno da fala producido pola incapacidade transitoria de articular un son en concreto.

Fonación (proceso de)

Conxunto de procesos que permite articular e emitir sons a partir do aire almacenado nos pulmóns, que ao pasar polo tracto vocal e as cordas vocais se propaga polo aire.

Fonador (aparato)

Conxunto de órganos implicados na fonación: os pulmóns, a larinxe, a farinx, o tracto vocal, as cordas vocais, as cavidades bucais, beizos, dentes, cara e resoadores.

Fonólogo

Especialista que estuda o aparato fonador e as condicións nas que se producen os sons dun idioma.

Logopedista

Especialista que se ocupa de ensinar a emitir correctamente os sons propios dun idioma, evitando defectos ou realizacións que poidan resultar lesivas.

‘Mezzosoprano’

Tipo vocal feminino a medio camiño entre a soprano e a contralto.

Misa

Celebración eucarística na que ás veces interveñen pezas musicais. Desde o punto de vista dos xéneros musicais, a misa componse do ordinario (o conxunto de pezas que se repite cada día) e do propio (aquelas que dependen do calendario eclesiástico).

Muda

(Da voz) Proceso no que os nenos cambian a súa voz, debido ao aumento de tamaño da farinx. Trae como consecuencias directas a inestabilidade á hora de afinar, os «galos» e certa inseguridade á hora de falar/cantar en público.

Ópera

Teatro cantado que nace en Italia no século XVII e que aspiraba nos seus inicios a rescatar o ideal trágico grecolatino, con temas heroicos e mitolóxicos. Alternaba arias e recitativos.

Ópera cómica

(Bufa) Subtipo de ópera na que os personaxes son cotiáns, comúns, que trata temas mundanos e que vai dirixido ao gran público.

Ópera seria

Subtipo de ópera na que os personaxes son nobres, deuses ou heroes, que pretende leccionar ou recrear épocas pasadas.

Paixón

Composición vocal e instrumental típica do Barroco, concretamente da música protestante, que consiste nunha cantata centrada nos padecementos e morte de Cristo.

Recitativo

Composición vocal a medio camiño entre cantada e falada, ou cantada pero cunha melodía pobre, na que a acción avanza.

Soprano

Tipo vocal feminino máis agudo de todos.

Soprano de coloratura

Subtipo vocal feminino especializado en interpretar moitas notas no rexistro agudo.

Soprano dramática

Subtipo vocal feminino caracterizado por ter uns graves moi potentes.

Soprano lixeira

Subtipo vocal feminino con moito brillo nos agudos pero con pouca potencia nos graves.

Soprano lírica

Subtipo vocal feminino con gran amplitude de rexistro, moi potente en graves e agudos.

Tenor

Tipo vocal masculino máis agudo, despois do contratenor.

Tracto vocal

Parte do aparato fonador no que entra o aire e, mediante o accionamento das cordas vocais, produce os sons que despois articulamos nas cavidades bucais (beizos, lingua, dentes e resoadores).

Ligazóns

[Camila Moreno](https://es.wikipedia.org/wiki/Camila_Moreno) (https://es.wikipedia.org/wiki/Camila_Moreno)

['Te quise', Camila Moreno](http://safeshare.tv/v/VjhNPbyefaQ) (http://safeshare.tv/v/VjhNPbyefaQ)

[Tipos de soprano](https://es.wikipedia.org/wiki/Soprano#Clasificaciones) (https://es.wikipedia.org/wiki/Soprano#Clasificaciones)

[Johann Sebastian Bach](http://safeshare.tv/v/KU1S32AQ3Uo) (http://safeshare.tv/v/KU1S32AQ3Uo)

['Agnus dei' electrónica](http://safeshare.tv/v/8tlgN7elCn4) (http://safeshare.tv/v/8tlgN7elCn4)

[Wendy Carlos](https://es.wikipedia.org/wiki/Wendy_Carlos) (https://es.wikipedia.org/wiki/Wendy_Carlos)

[Jessye Norman](https://es.wikipedia.org/wiki/Jessye_Norman) (https://es.wikipedia.org/wiki/Jessye_Norman)

['La donna è mobile'](http://safeshare.tv/v/ss57066bb911ef8) (http://safeshare.tv/v/ss57066bb911ef8)

[Égloga](https://es.wikipedia.org/wiki/%C3%89gloga) (https://es.wikipedia.org/wiki/%C3%89gloga)

Créditos

© **Netex Knowledge Factory S.A. 2019** (http://www.netexlearning.com/editoriales/)

28 —

Contidos licenciados para o proxecto e-dixgal.

Todos os dereitos reservados. Non está permitida a reprodución total ou parcial desta publicación nin o seu tratamento informático, nin a transmisión de ningunha forma ou por calquera medio, xa sexa electrónico, mecánico, por rexistro ou outros medios, sen o permiso previo e por escrito dos titulares do *copyright*.

Os titulares non se responsabilizan da persistencia ou da exactitude dos enderezos URL dos sitios web de terceiros mencionados nesta publicación, nin garante que estes contidos se manteñan, sexan precisos ou axeitados.

Autor dos contidos: David Rodríguez Rivada.

Asesora didáctica: Susana Vázquez Martínez.

Cuarta edición: setembro de 2019.